

Biblioteca Xosé Neira Vilas

PROGRAMA PARA ESCOLARES

Xogando cos sentidos

Presentación

para centros de ensino



Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



Biblioteca Xosé Neira Vilas

PROGRAMA PARA ESCOLARES

Xogando cos sentidos

Co comezo do curso escolar 2015/2016, a Biblioteca Xosé Neira Vilas quere presentarvos o Programa para escolares **Os cinco sentidos** co que pretendemos dar a coñecer entre a comunidade educativa os servizos e recursos que ofertamos.

A comunidade educativa ten unha forte presenza na realidade social do contorno, e xoga ademais un importante papel na formación de hábitos lectores e de busca de información nos rapaces dende idades temperás, de aí o interese por establecer unha colaboración entre a escola e a biblioteca, que poden complementarse nas súas atribucións.



Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



Biblioteca Xosé Neira Vilas

PROGRAMA PARA ESCOLARES

Xogando cos sentidos

Trátase de que tanto alumnos/as como profesores/as vos acheguedes ao mundo da biblioteca dunha forma lúdica e amena, que ao mesmo tempo permita, dun lado, que os rapaces que participen nas vistas ao centro valoren a biblioteca como un lugar de formación á vez que de lecer, e doutro, que os profesores que os acompañades descubrades neste espazo un lugar onde poder atopar recursos educativos útiles para facilitar o desenvolvemento do voso traballo. Deste xeito, a través das visitas á biblioteca, os participantes familiarizarédesvos co uso das súas instalacións, coñeceredes o seu funcionamento e as posibilidades formativas que ofrece, e e ao mesmo tempo descubriredes un espazo no que poder pasar o voso tempo de ocio.



Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



Biblioteca Xosé Neira Vilas

PROGRAMA PARA ESCOLARES

Xogando cos sentidos

Así, dende o equipo da Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas elaboramos un programa de actividades específico para os grupos escolares, atendendo aos currículos e ao nivel educativo de cada ciclo. Para facer este achegamento máis ameno e atractivo, partiremos dun tema concreto que sirva de fío condutor á visita, neste caso, e ao longo deste curso escolar, traballaremos cos cinco sentidos.



Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



Biblioteca Xosé Neira Vilas

PROGRAMA PARA ESCOLARES

Xogando cos sentidos

Unha vez que sabemos como funciona a biblioteca, en cada visita presentaremos aos participantes diferentes títulos que nos acheguen a estes cinco sentidos, tanto obras de coñecemento como obras de ficción, e é que a lectura pode resultar toda unha experiencia chea de olores, sabores e moito máis! Todo isto acompañado de actividades participativas que completarán a visita e farán da mesma unha experiencia única!

Ao final da actividade todos os participantes (cando así sexa solicitado polo o centro) recibirán o seu carné de usuario/a para poder voltar á biblioteca sempre que o desexen.

Agardamos que vos guste!



Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



Biblioteca Xosé Neira Vilas

PROGRAMA PARA ESCOLARES

Obxectivos xerais de todo o programa

- Descubrir as posibilidades que ofrece a biblioteca: busca de información, apoio á formación, lugar de lecer (lectura, audiovisuais, xogos...)
- Coñecer os servizos da biblioteca: préstamo, internet, catálogo en liña...
- Identificar as diferentes seccións da biblioteca e os distintos materiais que poden atoparse na mesma
- Dar a coñecer a biblioteca como un centro de recursos educativos para o profesorado
- Despertar a curiosidade dos participantes, fomentar o espírito de busca de respostas ás preguntas e problemas que se presentan
- Achegarnos cunha nova mirada ás experiencias sensoriais percibidas a través dos cinco sentidos



Biblioteca Xosé Neira Vilas

PROGRAMA PARA ESCOLARES

ORGANIZACIÓN DAS VISITAS

Cando se pode visitar a biblioteca?

De outubro a xuño, de martes a venres, ás 9.45h

Canto dura a visita?

As visitas teñen unha duración aproximada de 60 minutos

Cantas persoas poden participar na visita?

As visitas están deseñadas para atender a grupos de ata 30 nenos/as, que deberán estar acompañados dun responsable como mínimo.



Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



Biblioteca Xosé Neira Vilas

PROGRAMA PARA ESCOLARES

ORGANIZACIÓN DAS VISITAS

Como se pode reservar?

Para reservar unha visita á biblioteca podedes facelo a través do teléfono 986 26 77 59 ou do enderezo electrónico bpneiravilas@vigo.org

En caso de querer que os participantes reciban o seu carné de socio ao final da visita, unha semana (como mínimo) antes da mesma débense entregar na biblioteca as solicitudes de carné debidamente cubertas e asinadas polos pais/nais/titores dos nenos.



Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



VIGO